

A decorative graphic of a scroll with rounded corners and a grey shadow effect on the left side, framing the text.

**PROXECTO  
EDUCATIVO  
DO  
IES  
“A XUNQUEIRA I”  
PONTEVEDRA**

**CURSO 2019/2020**

Aprobado no C.E. 04/12/2019



INDICE

I. O CENTRO DOCENTE .....	4
CARACTERÍSTICAS DO NOSO CENTRO .....	4
DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO .....	4
SINAIS DE IDENTIDADE .....	6
OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO .....	8
ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO.....	9
FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS DO CENTRO .....	10
ORGANIZACIÓN DE RECURSOS E MEDIOS.....	19

## I. O CENTRO DOCENTE

### CARACTERÍSTICAS DO NOSO CENTRO

#### DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

**1) NOME:**

A denominación oficial do centro é Instituto de Ensino Secundario “A Xunqueira I”.

**2) TITULARIDADE:**

É un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

**3) DATA DE CREACIÓN:**

Foi creado no curso 1978-9 como terceiro centro de bacharelato da cidade de Pontevedra.

**4) UBICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DERIVADAS:**

O I.E.S. “A Xunqueira I” atópase situado na rúa Alexandre Bóveda nº 1, de Pontevedra, dividido en dous edificios que albergan, respectivamente, o pavillón deportivo e as restantes dependencias. Encóntrase nunha zona estudiantil, a carón doutros centros de primaria e secundaria, facultades do Campus de Pontevedra, CEFORE e Escola Oficial de Idiomas.

Polas súas características xeográficas e sociais, pode incluírse na categoría de “centros de carácter periférico mixto”, é dicir, está situado nun ensanche escolar da cidade próximo ao mundo rural circundante. Na súa orixe, estaba destinado a dar abeiro ao excedente de poboación escolar de bacharelato dos últimos anos setenta e, coa súa creación, rompeuse a dicotomía tradicional representada polos institutos “masculino” e “feminino” da cidade. Co paso do tempo, adquiriu un carácter “rururbano” polas características do seu alumnado, procedente nun sesenta por cento das parroquias rurais do municipio e das áreas rurais da periferia; nun trinta por cento, da área suburbana de Pontevedra; e, nun dez por cento, das áreas residenciais da cidade, que posúen un nivel socioeconómico distinto ao das áreas anteriores.

A creación de centros de ensino secundario na parroquia de Monteporreiro ou no concello veciño de Poio, así como o I.E.S. Torrente Ballester, contribuíu en gran medida á redución e modificación das características do alumnado.

**5) NIVEIS EDUCATIVOS:**

a) 1º, 2º, 3º e 4º cursos da ESO.

b) 1º e 2º cursos de Bacharelato, nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais e Bacharelato Artístico na modalidade de Artes Plásticas, Deseño e Imaxe.

c) Ciclo Medio de Laboratorio.

d) PCPI

En total, o centro posúe vinteoito unidades.

**6) RÉXIME DE PERMANENCIA:**

Tendo en conta o número de unidades e as características diversas do seu horario, o ensino impártese en réxime de xornada partida. O alumnado da ESO procedente da zona de Campo Lameiro fai uso do comedor escolar na xornada do luns, mentres que o alumnado da zona de Campañó vese obrigado a utiliza-lo transporte escolar catro veces nese día. A fin de evitar tantos desprazamentos e por necesidades de espacio, procúrase concentra-la maior parte das horas lectivas durante as mañás; por iso, entre as nove e as catorce horas trinta minutos tódolos cursos asisten a seis sesións de clase. As restantes para completa-los seus horarios sitúanse nas tardes do luns, a excepción do grupo do ciclo Medio, que presentan características especiais.

**7) CENTROS ADSCRITOS:**

Na actualidade, áchanse adscritos ó IES “A Xunqueira I” os seguintes centros de Educación Primaria: o CEIP “A Xunqueira I” (de Pontevedra), así como os CEIP de “Pedro Antonio Cerviño” de Campo Lameiro , “Parada” de Campañó e “San Benito de Lárez” .

**8) FINANCIAMENTO:**

Trátase dun centro público financiado case de xeito exclusivo pola Consellería de Educación.

**9) ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:**

No centro, ao longo do ano, realízanse diversas actividades culturais e deportivas. Dentro do apartado de actividades culturais, debemos salientar:

a) A existencia dun grupo de teatro , unha orquestra así como un coro e unha revista escolar, “Xuncos”, que se vén editando desde o curso 84-85.

b) A participación en concursos literarios e artísticos organizados por diferentes institucións.

c) A organización de intercambios escolares con alumnado de Francia; así como a participación do instituto no programa europeo “Comenius”.

d) A realización de viaxes de fin de estudos, estancias de varios días en Madrid e Londres para o alumnado de Bacharelato, así como moitas e variadas saídas dun día para tódolos cursos a fin de asistir a exposicións, concertos e representacións teatrais, visitar museos ou empresas etc...

e) En canto ás actividades deportivas, o centro conta con:

A organización, durante o curso, de campionatos internos de diferentes deportes.

A realización da estancia nalgunha estación invernal durante varios días organizada polo Departamento de Educación Física

A estancia de 3 días no Parque Natural de “Montes de Invernadeiro” organizada tamén polo Departamento de Educación Física.

**10) PERSOAL:**

Na actualidade hai no centro 61 profesores e profesoras agrupados/as nos diferentes departamentos didácticos, unha orientadora e unha profesora de apoio, para o alumnado con necesidades de apoio e reforzo da ESO.

Ademais, desempeñan as súas tarefas no centro: persoal administrativo (2), persoal sulbalterno (3) e persoal de limpeza (4).

**11) INFRAESTRUCTURA:**

O centro está situado nun campus escolar de extensión adecuada ao número do alumnado, dedicado a campos de deportes e zonas verdes para o lecer, cunha lagoa ou xunqueira, réplica en miniatura do primitivo ecosistema que dá nome a este instituto.

O acceso ao centro, tanto para peóns como para vehículos, pode considerarse bo.

Próximo ao edificio escolar propiamente dito, existe un pavillón deportivo de 800 m<sup>2</sup>, con vestiarios e duchas.

En canto ao edificio escolar, o seu estado é aceptable. A entrada do edificio ten rampas de acceso para persoas con discapacidade, pero dentro non existe ascensor para acceder ao primeiro andar, onde se atopan a maioría de seminarios e algúns laboratorios, nin para baixar ao soto.

O centro dispón dunha cafetería de dimensións aceptables.

As aulas comúns teñen unha superficie media de 54 m<sup>2</sup>, que resulta suficiente para o número de alumado, como máximo 30 nos cursos de ESO e Ciclos e 33 nos de Bacharelato.

Hai ademais aulas específicas de Debuxo, Informática, Música, Vídeo, Tecnoloxía e recentemente aula de Teatro e Club de Lectura; laboratorios de Ciencias Naturais e Física e Química, dúas aulas taller de máis de 90 metros cadrados para as materias do Bacharelato de artes e tres aulas laboratorio para o ciclo medio (Análises, Ensaíos e Microbioloxía).

A biblioteca do centro, ben situada e luminosa, está dotada con 10.000 volumes, así como dunha completa videoteca doada por José Luis Aguado, irmán dunha profesora do centro.

Para os servizos de comunicación, o centro ten instalados Fax e Internet en tódalas aulas.

## 12) ENTORNO SOCIOECONÓMICO DO CENTRO:

O Instituto "A Xunqueira I" da cidade de Pontevedra presenta as seguintes características socioeconómicas e culturais:

- a) O centro responde a un entorno socioeconómico e cultural medio (fundamentalmente medio-baixo), no que predominan as familias con estudos primarios e pertencentes a un medio rural próximo ao Instituto (a maioría do alumnado utiliza transporte para asistir ás clases.)
- b) Atendendo ás profesións dos pais e das nais, predominan os/as dedicados/as a profesións do ámbito manual-asalariado; abonda menos o funcionariado e só unha pequena cantidade de profesionais liberais. É de subliñar a elevada porcentaxe de nais que son amas de casa.
- c) Polo que atinxe ao alumnado, reciben das familias o apoio e os medios para a súa formación e estudos.
- d) Aínda que o alumnado vive maioritariamente no medio rural, a lingua máis empregada é o castelán; o uso do galego, non obstante aumenta no ambiente familiar.

## SINAIS DE IDENTIDADE

O centro, dado o seu carácter público, réxese polo principio de neutralidade ideolóxica, de maneira que renuncia a todo tipo de adoutramento, sectarismo e proselitismo, aínda que se declara esencialmente respectuoso coas ideas que sexan compatibles coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

O Instituto tenciona formar para a paz e rexeita a violencia, polo tanto é unha esixencia inescusable o

respecto pola dignidade e a integridade persoal dos membros da comunidade escolar.

O seu alumnado formarase para a xustiza, a liberdade, a responsabilidade e a solidariedade.

O centro, valorando o enriquecemento que supón a complementariedade, aposta pola coeducación ou educación na igualdade dos sexos.

A igualdade de oportunidades será promovida mediante a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

### 1) LINGUAS DO CENTRO:

Respectando a lexislación e normativa vixentes( Decreto79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universiario en Galicia), recoñécese o dereito de cada membro da comunidade escolar a utilizar calquera das linguas oficiais, pero, para contribuír á normalización lingüística do galego, empregarase esta lingua no plano administrativo e procurarase que sexa esta cada vez máis a lingua ambiental e didáctica no ámbito escolar. En todo caso, deberá garantirse, ao remata-la escolaridade, un correcto dominio oral e escrito de ámbalas dúas linguas.

### 2) METODOLOXÍA PARA A APRENDIZAXE:

a) O labor educativo basearase no respecto mutuo, o diálogo e a reflexión.

b) O profesorado, como guía do proceso de ensinanza-aprendizaxe, impulsará este proceso cara a unha aprendizaxe activa, que desenvolva as iniciativas e a creatividade do alumnado

c) O proceso de ensinanza-aprendizaxe procurará a adquisición de técnicas de traballo ou hábitos científicos, intelectuais e de saúde que fomenten no alumnado o interese por continua-la súa formación e integración na sociedade como cidadáns e cidadás libres e responsables.

d) Fomentarase o coñecemento do país, da súa realidade e dos seus problemas, así como o respecto ao medio ambiente natural. O centro estará aberto á comunidade que o rodea fomentando a relación co seu peculiar entorno á vez cidadán e rural.

e) O ensino adaptarase aos distintos ritmos e capacidades de aprendizaxe, de acordo co desexo da “educación para a diversidade”

f) Na procura dun proxecto educativo común, fomentaranse a cooperación e a complementariedade do profesorado, pero admitiranse as diferencias de estilos docentes, que, ademais de enriquecedoras, son un exemplo de espírito democrático para o alumnado.

g) Estímase que a orde é indispensable para a vida escolar e procurarase a comprensión e aceptación deste principio por parte de todos e todas, xa que non é un mero capricho nin froito dunha imposición.

### 3) XESTIÓN DO CENTRO:

a) A xestión do instituto debe ser participativa e democrática.

b) O centro é gobernado polo equipo directivo e o Consello Escolar.

c) Como o equipo directivo ten que representar á comunidade escolar, a súa elección debe ser expresión de liberdade democrática e froito do diálogo e o consenso.

d) Impulsaranse os procesos de participación, información, consulta e decisión que impliquen e responsabilicen a asociacións de pais e nais, profesorado, alumnado e o persoal non docente, de xeito que sexan óptimas as relacións entre os colectivos que constitúen a comunidade escolar. Desta maneira espérase acadar a participación de todos e todas na consecución dos obxectivos comúns e a súa identificación co proxecto educativo.

e) Será un obxectivo permanente dar solidez ás relacións do centro tanto coas administracións educativa e local como coas entidades ou asociacións do entorno.

#### 4) LEXISLACIÓN:

Ó ser un centro de titularidade pública, toda a súa actividade estará rexida pola lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

### OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

É un obxectivo primordial deste Centro o **desenrolo harmónico** das dimensións física, intelectual, afectiva, ética e social do alumnado.

En función deste obxectivo global, establecémo-los seguintes obxectivos nos diferentes ámbitos da vida educativa.

#### 1) ÁMBITO PEDAGÓXICO:

##### a) Conceptos, feitos e principios:

- Selecciona-los contidos curriculares que sexan realmente de **interese e funcionais** para o alumnado, procurando enxeri-la acción educativa dentro do seu contexto sociocultural.
- Acadar un uso fluído das dúas **linguas** oficiais.

##### b) Procedementos:

- Proporcionar ao alumnado os instrumentos de análise científica e fomenta-la capacidade de observación e de crítica, así como a adquisición de **hábitos** de traballo intelectual.
- Tentar de busca-las técnicas máis apropiadas para favorece-la **motivación** e a **actividade** eficaz do alumnado.
- Facer da avaliación, tanto por parte do profesorado como do alumnado, unha verdadeira análise de todo o proceso educativo en xeral; así mesmo, facer da **avaliación** un instrumento de motivación e autoestima.
- Impulsa-la **acción titorial** individualizada e en grupo como algo esencial na orientación educativa e profesional, así como as diversificacións e adaptacións curriculares para aquel alumnado que precise delas.

##### c) Actitudes, valores e normas:

- Potenciar un réxime de **coeducación** no que non se produza ningún tipo de discriminación.
- Estimula-la expresión **crítica** como forma de mellora-lo entorno inmediato e mesmo a sociedade.



## 2) ÁMBITO INSTITUCIONAL E ADMINISTRATIVO:

- Proporcionar ao profesorado os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de **calidade**.
- Integrar** na vida do centro ao alumnado, familias, profesorado e persoal non docente, facilitándolle-las canles de información e participación.
- Distribuír competencias, responsabilidades e funcións a fin de conseguir unha xestión verdadeiramente **participativa**.
- Xestionar consensuadamente os **recursos** económicos do centro.
- Organizar adecuadamente os **espacios** do centro.
- Manter relacións de **colaboración** e apoio con outras institucións, tanto educativas como sociais, culturais ou laborais.
- Abri-lo** centro, cos seus medios e dependencias, ás demandas sociais e culturais do entorno.

## 3) ÁMBITO HUMANO E CONVIVENCIAL

- Establecer un marco de **convivencia** baseado nunhas Normas de Organización e Funcionamento que permita a tódolos membros da comunidade escolar facer uso dos seus dereitos sen esquecer-las súas obrigas.
- Consegur que a convivencia no centro, baseada no diálogo, o respecto e a estima, permita o nacemento de vencellos de **amizade** e comunicación.

## ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

O centro precisa dunha **organización** que posibilite o bo funcionamento e facilite a consecución dos fins e obxectivos xerais que a partir dos nosos sinais de identidade, temos definido e tentamos conseguir.

Ao abeiro da estrutura organizativa proposta no “Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria” (Decreto **324/1996**), consideramos como elementos necesarios desta estrutura e coas atribucións que no devandito regulamento se especifican:

### 1) ÓRGANOS DE GOBERNO **UNIPERSOAIS**:

- Director/a
- Vicedirector/a
- Secretario/a
- Xefe/a de Estudos

### 2) ÓRGANOS DE GOBERNO **COLECTIVOS**:

- Consello Escolar: Creación no seu seo da Comisión administrativo-económica e da Comisión de Convivencia.
- Claustro de Profesorado.

### 3) ÓRGANOS DE **COORDINACIÓN** DOCENTE:

- Comisión de coordinación pedagóxica.
- Departamentos didácticos.
- Departamento de orientación.
- Tutorías.
- Equipo de dinamización da lingua galega.

4) OUTROS ÓRGANOS **FUNCIONAIS**:

- Xunta de delegados e delegadas do alumnado.
- Asociación de pais e nais do alumnado.

A composición, competencias e funcións dos diferentes órganos que forman a estrutura organizativa do centro, están recollidos no **Plan de Convivencia**, no seguinte capítulo.

## FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS DO CENTRO

1) ÓRGANOS UNIPERSOAIS:

**Equipo Directivo:**

A elección, competencias, cese e funcionamento destes órganos unipersoais atópanse regulados na lexislación en vigor. Non obstante, pódense salientar algúns aspectos que poden contribuír o cumprimento dos ideais expostos no PEC.

Os compoñentes do equipo directivo de acordo coas normas vixentes, deben procurar unha comunicación directa, áxil e regular cos órganos colexiados do centro.

O equipo directivo recibirá aos membros da comunidade educativa, sempre que estes o soliciten.

2) ÓRGANOS COLEXIADOS:

**a) Consello** escolar

A composición, elección e renovación do consello escolar, así como as súas comisións e atribucións, atópanse regulados na lexislación en vigor

Convén, non obstante, lembrar unha serie de aspectos:

Dentro do consello escolar debe haber dúas **comisións** que terán a finalidade e a atribución de tramitar e preparar para o pleno os asuntos da súa competencia:

A comisión de **administración** e economía, a cal posuirá as seguintes competencias:

- ▲ decidir sobre a admisión de alumnos/as;
- ▲ aproba-lo proxecto de orzamento do instituto;
- ▲ renovar e conserva-las instalacións e o equipamento;
- ▲ supervisa-las actividades administrativas.

A comisión de **convivencia**: Estará formada por un/ha profesor/a, un alumno/a, un/ha pai/nai e o/a director/a ou persoa en que este delegue. As competencias, composición e funcionamento aparecen recollidas no decreto 85/2007 que figura no anexo. ?

As reunións do consello escolar celebraranse, como mínimo, unha vez ó trimestre e

sempre que o convoque o/a director/a ou o solicite, polo menos, un terzo dos seus membros. En todo caso, será preceptiva, ademais, unha reunión a principio do curso e outra ó final do mesmo". O mesmo pode dicirse das súas comisións. Todas estas reunións celebraranse fóra do horario lectivo, en horas nas que tódolos membros poidan asistir, e irán precedidas dunha convocatoria nominal a cada un dos membros, polo menos con 48 horas de antelación, coa orde do día a tratar e achegando, no seu caso, os documentos a debater. Excepcionalmente, e por razóns de urxencia, O Observatorio de convivencia pode reunirse durante os recreos, sempre e cando a presenza dos membros e os asuntos a tratar non impidan a asistencia ás clases.

As decisións do pleno e das comisións do consello escolar adoptaranse por maioría simple dos presentes, a excepción dos casos contemplados na lexislación vixente. O presidente dirimirá o empate co seu voto de calidade.

**b) Claustro de profesores/as:**

Tanto a súa composición como as súas competencias están reguladas no capítulo 3, sección 21, do título 11 do R.O.C.. Compre lembrar, así e todo, que:

- Debe reunirse, polo menos, unha vez cada trimestre, e ao inicio e ao final do curso. Pode ser convocado, ademais, a petición do/a director/a ou a solicitude dun terzo, cando menos, dos seus membros. As reunións celebraranse fóra do horario lectivo e en horas nas que todos/as os membros poidan asistir, xa que están obrigados/as a facelo. As convocatorias irán precedidas por unha convocatoria nominal a cada un dos membros, polo menos con 48 horas de antelación, coa orde do día a tratar e cos documentos que se vaian debater.
- Os debates dos documentos, especialmente os do PEC e os curriculares, serán previamente analizados e discutidos nas reunións dos departamentos e as súas conclusións serán posteriormente presentadas e sometidas a votación, se procede, no claustro. Deste xeito, a participación e a profundización nos temas serán maiores, e a tramitación, máis rápida.
- As decisións nas que se requira votación, tomaranse por maioría simple dos presentes.
- Os/as representantes do claustro de profesores/as no consello escolar terán total autonomía á hora de tomar decisións neste; pero deben manifestar cal é a opinión maioritaria do claustro de profesores/as nos casos en que este é previamente consultado e procurar ser o máis fieles posible a ela.

**3) ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE:**

**a) Comisión de coordinación pedagóxica:** A organización desta comisión está recollida no capítulo e do RD. dos IES da nosa comunidade.

Esta comisión reunirse como mínimo unha vez ao trimestre. Celebrará igualmente unha sesión extraordinaria ao comezo e fin de curso e cantas outras se consideren oportunas a petición dun terzo dos seus compoñentes.

As decisións adoptaranse por maioría simple dos presentes.

Son competencias da CCP:

- Establece-las directrices xerais para elaborar os PCC correspondentes a cada unha das etapas que se impartan no centro (e centros de primaria adscritos) así como os PC dos ciclos formativos de formación profesional, atendendo á coordinación entre as diferentes etapas e ciclos, asegurando a súa coherencia co PEC e PXA, tamén será competencia da CCP o establecemento das directrices xerais para elabora-las programacións didácticas e do plan de orientación titorial e de orientación académica e profesional.
- Elabora-las propostas de modificación dos proxectos curriculares durante o mes de xuño, á vista das memorias dos departamentos didácticos. As propostas serán

analizadas e aprobadas, se é o caso, polo claustro no mes de setembro. Modificacións que respectarán a organización dos contidos seguidos polos alumnos que iniciaron os seus estudos anteriormente.

☐ Durante o mes de setembro, antes do comezo das actividades lectivas, a CCP, tendo en conta as suxestións do/a Xefe/a de Estudos, propondrá ó Claustro de Profesores/as, para a súa aprobación as datas de avaliacións e das probas extraordinarias, que se recollerá no plan de acción tutorial.

**b) Departamentos didácticos:**

“Os departamentos didácticos son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das áreas, materias ou módulos profesionais correspondentes, e as actividades que se lles encomenden, dentro do ámbito das súas competencias” (Artigo 71 RO dos IES).

- ☐ Departamentos a constituír (Art.53,c do RO dos IES)
- ☐ Composición (Art. 72 do RO dos IES)
- ☐ Competencias (Art. 73 do RO dos IES)
- ☐ Designación do/a Xefe/a de departamento (Art 74 do RO dos IES)
- ☐ Competencias do/a Xefe/a de departamento (Art. 75 do RO dos IES)
- ☐ Cesamento da/o Xefa/e de departamento (Art. 76 do RO dos IES)

**c) Departamento de orientación:**

Este departamento é o órgano encargado de elaborar e coordina-la orientación educativa e profesional do alumnado e o plan de acción tutorial.

- ☐ Composición (Art. 54 do RO dos IES)
- ☐ Competencias (Art. 55 do RO dos IES)
- ☐ Designación do/a Xefe/a de departamento (Art. 56 do RO dos IES)
- ☐ Competencias da/o Xefa/e de departamento (Art. 57 do RO dos IES)

O Departamento de Orientación reunirse, como mínimo, unha vez ó mes; convocará periodicamente ós/ás titores/as de cada etapa, ciclo ou modalidade do ensino, e, en colaboración con estes e a/ Xefa/e de Estudos, fará un seguimento do desenrolo integral do alumnado.

**d) Tutorías:**

Dentro dos obxectivos do PEC do centro, e obedecendo ás necesidades do novo sistema educativo, aparece recollida a figura do/a titor/a como unha peza esencial a hora de encarreira-la orientación persoal académica e profesional do alumnado do centro, xa sexa a nivel individual ou grupal, mostrando unha serie de aptitudes (capacidade de comunicación,de comprensión ... ) e así lograr o fin pretendido da actividade tutorial.

O/A profesor/a – titor/a debe contar co apoio, actuando de forma coordinada, do resto dos/as profesores/as que impartan algunha materia no curso do que é titor/a, do equipo Directivo e do resto de profesores/as do centro, sen esquecernos das familias e o contexto socioeconómico do centro en xeral.

Segundo aparece recollido no Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, Orde do 1 de agosto pola que se ditan as instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, publicado no D.O.G. do 2 de setembro de 1997, no artigo 58, para a designación como titor/a terase en conta:

- Que o/ profesor/titor imparta unha materia común a tódolos/as alumnos/as do grupo.
- No primeiro ciclo da E.S.O, asignarase a tutoría preferentemente aos/ás mestres/ós que impartan clase á ditos grupos.
- No caso dos/as alumnos/as de diversificación da E.S.O o labor de titor/a será realizado por un/ha profesor/a que imparta docencia a todo o grupo do programa, quen se coordinará cos/as titores/as dos grupos de referencia.
- Titoras/es específicas/os para alumnas/os que requiran unha atención especial (alumnos/as que non alcanzan a totalidade dos obxectivos, con materias pendentes,...), sempre que existan profesores/as dispoñibles.
- Titores/as encargados/as de tarefas de coordinación ou atención de servizos de interese para o centro, estean ou non recollidas no R.R.I, tarefas propostas pola dirección do centro.

Os horarios de tutoría:

- ▲ Dúas horas semanais, unha dedicada ó alumnado (esta dentro do horario lectivo) e outra hora de atención ás familias, esta ó igual que o resto do profesorado.

Funcións do/a Profesor/a titor/a.

- ▲ En relación co alumnado:
  - Axudar e asesorar no aprendizaxe do/a alumno/a e do grupo. Aconsella-las normas disciplinarias para a clase, ou un/ha alumno/a en concreto. Facilita-la participación do alumnado no centro.
  - Coñece-lo rendemento académico, nivel de cohesión e participación do seu grupo. Facer de mediador entre a/ alumna/o, o grupo e o centro.
  - Coñece-lo ambiente familiar e entorno social do/a tutelado/a.
  - Presidi-la sesión de avaliación, ou todo tipo de reunións convocadas en relación co grupo; encargarse de cubri-la documentación necesaria en relación co grupo. Orientación e asesoramento da/o alumna/o respecto as súas posibilidades académicas e profesionais.
  - Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas Actividades de Orientación, baixo a coordinación do/a Xefe/a de Estudos e en colaboración co Departamento de Orientación.
  - No caso dos ciclos formativos, realizará o seguimento educativo do módulo de Formación en Centros de Traballo, en coordinación co/a coordinador/a de formación en centros de traballo e co responsable asignado a estes efectos pola empresa.
  - Atenderá periodicamente, no centro educativo, aos/ás alumnos/as que durante o período de formación en centro de traballo, presentan dificultades de aprendizaxe e valorar o desenvolvemento das actividades do programa de formación.
  - Relación periódica co responsable designado no centro de traballo, que emitirá un informe de avaliación do módulo.
- ▲ En relación coa familia:
  - Manter relacións periódicas ca familia, en grupo e individualmente, co fin de informarlles sobre o rendemento académico, características persoais ou psicolóxicas do alumnado, para solicita-la información necesaria e esclarecer problemas que se vaian establecendo. E aconsellable informar aos pais e as nais das/os alumnas/os a partir de tres materias suspensas.
  - Facilita-la conexión do centro co ambiente familiar
  - Manter relacións constantes co fin de recibir do/a Orientador/a asesoramento e a formación psicopedagóxica adecuadas a súa función titorial.
  - Aporta-la información demandada polo/a orientador/a, ou colaborar na súa consecución.

Unha vez que a dirección cubra as necesidades que estime oportunas, as/os profesoras/es

sen titoría, en colaboración co/a vicedirector/a e co departamento de actividades complementarias e extraescolares, poderán organizar en horas non lectivas, sempre que así o manifesten, actividades deportivas, artísticas, etc., que se recollerán no programa do centro.

**e) Coordinación de formación en centros de traballo:**

A figura do/a coordinador/a de FCT créase no curso 2000-2001 ó acadar o centro dous grupos de ciclos formativos, un de grao medio (Laboratorio) e outro de grao superior (Educación Infantil).

- Constitución: Art. 78º e 81º do R.O. dos IES.
- Designación e cese do/a coordinador/a: Art. 79º e 81º do R.O. dos IES.
- Competencias: Art. 80º do R.O. dos IES

**f) Equipo de dinamización da lingua galega:**

Tendo en conta a situación do galego no noso centro, faise necesaria a creación e a actividade do equipo de dinamización da lingua galega que vele pola implantación cada vez maior da lingua.

Os datos extraídos da última enquisa realizada no centro non inducen ao optimismo sobre o seu futuro. Pode observarse, por unha banda, que, segundo os/as alumnos/as, a lingua habitual no seu medio familiar é o galego nun 22%, o castelán no 59%; e por outra, que, unha vez que entran no centro situado nunha zona onde predomina o uso do castelán, o galego diminúe no seu uso habitual ata o 16%.

Segundo o decreto 124/07 impartiranse en galego na ESO as seguintes materias: CCNN, CCSS, Xª e Hª, Matemáticas e Educación para a Cidadanía. Nos Ciclos Formativos os módulos de F.O.L. e os que decida a dirección, oídos os departamentos correspondentes. No Bacharelato impartiranse en galego as materias de Filosofía e Cidadanía e Ciencias para o Mundo Contemporáneo en 1º e Hª da Filosofía e Hª de España en 2º así como as materias de modalidade obrigatorias. ?

A composición e as competencias do equipo de normalización están definidas no regulamento orgánico dos I.E.S. no capítulo VII.

O equipo de normalización lingüística debe reunirse, alomenos, unha vez ao trimestre.

**g) Representación do alumnado:**

- Delegados/as de alumnos/as.

A participación do alumnado é básica e importante para o bo funcionamento do centro, e así aparece recollido na normativa ó respecto, e así aparecerá recollida neste documento. Partindo deste dereito irrenunciábel, a normativa ó respecto se recolle no Real Decreto 7321995 do 5 de maio, B.O.E do 2 de Xuño, vixente en Galicia dende o 25 de outubro:

“Os **dereitos e deberes** dos/as alumnos/as e as normas de convivencia nos centros”:

- ▲ Artigo 19 punto 1.: “Os/As alumnos/as teñen dereito a participar no funcionamento e na vida dos centros, na actividade escolar e na xestión dos

mesmos, de acordo co disposto na Lei Orgánica reguladora do Dereito á Educación e nos respectivos Regulamentos Orgánicos”.

▲ No punto 2 do mesmo artigo di: “A participación dos/as alumnos/as no Consello Escolar, ou outros órganos de goberno que, no seu caso se establezan, realizarase de acordo cas disposicións vixentes ó respecto”.

▲ No artigo 20: “Os/As alumnos/as teñen dereito a elixir, mediante sufraxio directo e secreto, ós seus representantes no Consello Escolar e ós/ás seus/súas delegados/as de grupo nos termos establecidos no Regulamento Orgánico”.

▲ No artigo 23: “As/Os alumnas/os teñen dereito a asociarse, creando asociacións, federacións e confederacións de alumnos/as, que poderán recibir axudas conforme ás normativas vixentes. Igualmente teñen dereito a constituír cooperativas nos termos previstos na lei 3/1987 do 2 de abril, Xeral de Cooperativas.

▲ No artigo 24: “Os/As alumnos/as poderán asociarse unha vez rematada a súa relación co Centro, ó remate da súa escolarización, en entidades que recollan a antigos/as alumnos/as e colaborar a través delas no desenvolvemento das actividades do Centro”.

▲ Artigo 25: “As/Os alumnas/os teñen dereito a seres informados polos membros da Xunta de Delegados e polos representantes das asociacións de alumnos/as tanto das cuestións propias do seu centro como das que afecten a outros centros docentes e sistema educativo en xeral.”

▲ Artigo 27: “Os/as alumnos/as teñen dereito a ,manifestar a súa discrepancia respecto ás decisións educativas que lles afecten. Cando a discrepancia revistan carácter colectivo, a mesma será canalizada a través dos representantes do alumnado

Na forma que aquí se establece a participación do alumnado é un dereito, pero tamén debe entenderse como un deber:

▲ Artigo 40: “Os-as alumnos/as teñen o deber de participar na vida e funcionamento de centro “.

□ **Xunta de delegados/as** de alumnos/as:

No Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria D.O.G. do venres 9 de agosto de 1996), no título V, artigo 107:

“Nos institutos de educación secundaria existirá unha xunta de delegados/as integrada polos representantes dos alumnos e alumnas dos distintos grupos e polos representantes dos alumnos/as no Consello Escolar”.

No artigo 108: “A xunta de delegados/as estará presidida por un dos seus membros elixidos entre os seus compoñentes”.

As competencias do/a delegado/a que presida a Xunta, serán (artigo 109):

- ▲ Convoca-las reunións que se precisen.
- ▲ Presidi-las reunións e coordina-las mesmas.
- ▲ Responsabilizarse de que se levante acta das reunións.
- ▲ Facer chega-las propostas da Xunta de delegados/as ós distintos órganos de dirección ou coordinación didáctica do centro.

Como funcións propias da Xunta (artigo 112):

- ▲ Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo

do instituto por propia iniciativa ou por petición daquel.

- ▲ Informar ós representantes dos/as alumnos/as no consello Escolar dos problemas de cada grupo, curso ou etapa.
- ▲ Recibir información dos alumnos e alumnas do Consello Escolar sobre os temas tratados nel (sempre e cando non afecten á intimidade da persoa, ou a normal desenvolvemento da actividade do centro), e das confederacións, federacións estudiantís e organizacións xuvenís legalmente constituídas.
- ▲ Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste.
- ▲ Elaborar propostas de modificación do Regulamento de Réxime Interno, dentro do ámbito das súas competencias.
- ▲ Informar ós alumnos e alumnas do centro das actividades da xunta de delegados/as.
- ▲ Formular propostas ó Xefe ou Xefa de Estudos para a elaboración dos horarios e ó Xefe ou Xefa de Departamento do actividades complementarias e extraescolares para a organización das mesmas.
- ▲ Debate-los asuntos que vaia trata-lo Consello Escolar no ámbito da súa competencia e elevar propostas de resolución ós seus representantes nel.

Respecto ás reunións desta Xunta, artigo 110:

A xunta de delegados/as poderá reunirse en pleno ou, cando a natureza dos problemas o faga máis conveniente, en comisións que reúnan os/as delegados/as dun curso ou dunha das etapas educativas que se impartan no instituto, logo do coñecemento do director ou directora e sen que isto implique alteración no normal desenvolvemento das actividades docentes.

Dentro das súas competencias (artigo 113 do Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria) a Xunta de delegados/as, en pleno ou en comisións, deberá, cando o solicite, ser oída polos órganos de goberno do Instituto, nos asuntos que requiran a súa atención e, especialmente:

- ▲ Celebracións de probas e exames.
- ▲ Establecemento e desenvolvemento de actividades de participación de tódolos profesores e profesoras.
- ▲ Presentación de alegacións e reclamacións nos casos de abandono ou incumprimento das tarefas educativas por parte dalgún membro do equipo docente do instituto.
- ▲ Alegacións e reclamacións sobre a obxectividade e eficacia na valoración do rendemento académico dos alumnos e alumnas.
- ▲ Propostas de sancións ós alumnos e alumnas pola comisión de faltas que leven aparelada a incoación de expediente.
- ▲ Propostas de libros e material didáctico que sexa obrigatorio utilizar no instituto.
- ▲ Outras actuacións e decisións que afecten de modo específico ós alumnos e alumnas do centro.

O centro, sobre todo o xefe ou xefa de estudos, facilitará á Xunta de delegados/as un espazo adecuado para que poidan celebra-las súas reunións (artigo 115 do Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria, punto 2).

□ **Delegados/as de grupo:**





▲ Cada grupo do centro terá o/a seu/súa delegado/a (artigo 111, puntos 1, 2 e 3):

▲ Cada grupo de alumnos/as elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegable durante o primeiro mes do curso escolar, un delegado/a de grupo, que formará parte da xunta de delegados/as. Elixirase tamén un subdelegado/a, que substituirá o/a delegado/a en caso de ausencia ou enfermidade e apoiálo nas súas funcións.

▲ As eleccións de delegados/as e subdelegados/as, así como a do/a delegado/a que presida a Xunta de delegados/as, convocaráas o xefe ou xefa de estudos, en colaboración cos/as titores/as de cada un dos grupos e os representantes do alumnado no Consello Escolar.

▲ No caso de ser revogada a designación do/a delegado/a ou subdelegado/a de grupo, tras un informe detallado dirixido ó titor ou titora do grupo, pola maioría do grupo que os elixiron. Tra-lo cal se poderanse convocar novas eleccións nun prazo de 15 días (as normas para a elección serán as mesmas co establecido nos apartados anteriores). Artigo 115 do Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria.

**Funcións dos delegados/as de Grupo (artigo 114, D.O.G do 9 de agosto de 1996):**

▲ Asistir ás reunións da xunta de delegados/as e participar nas súas deliberacións.

▲ Expoñer ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións do grupo ó que representan.

▲ Fomenta-la convivencia entre os alumnos e alumnas do seu grupo.

▲ Colaborar cos profesores e profesoras e o equipo directivo do instituto para o seu bo funcionamento.

▲ Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do instituto.

No caso de non cumprir cas súas funcións, un delegado poderá ser sancionado conforme aparece recollido no artigo 115 do Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria.

#### □ **Delegados/as de etapa:**

Atendendo a existencia neste centro de diferentes etapas ou niveis educativos(E.S.O, Bacharelato, Ciclo Superior de Educación Infantil,...) e ás que se prevén no futuro, a elección das/os súas/seus representantes farase conforme ás bases para a elección de delegados/as de grupo e xunta de delegados/as, respecto ó número de representantes de cada unha das etapas será proporcional ó número de alumnado de cada unha das etapas existentes no centro.

Respecto ás súas funcións (sempre en coordinación cos/as delegados/as do grupo de cada unha das etapas ás que representen, Xunta de delegados/as,...):

▲ Propostas de libros e material didáctico (referidos á súa etapa) que sexa obrigatorio no centro.

▲ Colaborar cos profesores e profesoras que impartan docencia na etapa da que sexan delegados/as.

▲ Colaborar co equipo directivo, delegados/as de grupo, xunta de delegados/as, consello escolar (sobre todo a través dos representantes de alumnos/as nesta asemblea) para o bo funcionamento do instituto.

▲ Presentar reclamacións e alegacións no caso de abandono ou incumprimento das tarefas educativas por parte dalgún membro do equipo docente do instituto.

Estas reclamacións serán presentadas ante a Xunta de delegados/as.

- ▲ Presentar alegacións e reclamacións sobre a obxectividade e a eficacia na valoración do rendemento académico dos alumnos e alumnas da etapa que representen, as cales se farán por medio da Xunta de Delegados/as.
- ▲ escoitar ós/ás delegados/as de cada un dos grupos existentes na etapa da que sexan representantes, sen entorpece-lo dereito xa recollido no apartado correspondente respecto ós/ás delegados/as de grupo.
- ▲ Tódalas funcións dos/as delegados/as de etapa estarán en coordinación cos demais representantes de alumnos/as no centro.

Para as posibles sancións ós/ás delegados/as de etapa (por incumprimento das súas funcións ou outros motivos), seguirase o disposto no artigo 115 do Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (DOG do 9 de agosto de 1996).

#### **Delegado/a e subdelegado/a de centro:**

O/A delegado/a e o/a subdelegado/a do centro serán elixidos por maioría simple entre os delegados de etapa e os representantes dos/as alumnos/as no consello escolar, en votación directa e secreta presidida polo director ou directora do centro.

Funcións do delegado/a do centro:

- ▲ Convocar e presidi-la xunta de delegados/as.
- ▲ Responsabilizarse do cumprimento das funcións atribuídas á Xunta de delegados/as.
- ▲ Asistir, en representación da xunta de delegados/as, ás reunións dos órganos de goberno e dos órganos colexiados cando se requira a súa presenza.
- ▲ Colaborar na consecución dos obxectivos propostos polo centro.
- ▲ Participar no departamento de actividades complementarias e extraescolares.

#### **i) Representación das nais e pais:**

O “Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria”(Decreto 324/1996, do 26 de xullo, D.O.G.A do venres 9 de agosto), no artigo 120 titulo VII “Asociacións de Pais/nais e asociacións de alumnos/as”:

- ▲ “Nos Institutos de Educación Secundaria poderán existir, de acordo coa lexislación vixente, as asociacións de pais/nais de alumnos/as e asociacións de alumnos/as “

No punto 2 do mesmo artigo recolle como funcións destas asociacións:

- ▲ Elevar propostas ó Consello Escolar para a elaboración do Proxecto Educativo e ao equipo directivo para a elaboración da programación xeral anual.
- ▲ Informar ó Consello escolar daqueles aspectos da marcha do Instituto que consideren oportunos.
- ▲ Informar ós asociados da súa actividade.
- ▲ Recibir información, a través dos seus representantes no Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste.
- ▲ Elaborar propostas de modificación do regulamento de réxime interior.



- ▲ Formular propostas para a realización de actividades complementarias que, unha vez aceptadas, deberán figurar na programación xeral anual.
- ▲ Coñece-los resultados académicos referidos ó centro e a valoración que deles realice o Consello Escolar.
- ▲ Recibir un exemplar da programación xeral anual, do proxecto educativo, dos proxectos curriculares de etapa e das súas modificacións.
- ▲ Documento de organización do centro, que incluírá a estrutura orgánica do instituto, a estatística de principio de curso e a situación das instalacións e do equipamento.

## ORGANIZACIÓN DE RECURSOS E MEDIOS

### 1) RECURSOS MATERIAIS:

Os recursos materiais inclúen os distintos tipos de recursos, agás os humanos, existentes no centro: aulas, laboratorios, biblioteca, instalacións deportivas, mobiliario, material didáctico en xeral e os medios económicos dispoñíbeis.

O/A secretario/a ten as competencias da custodia, mantemento e disposición dos medios ou recursos materiais. É a comisión administrativa e económica a que aproba, en primeira instancia, os presupostos e criterios para o uso das instalacións e dos recursos materiais.

A comunidade social do entorno do centro terá acceso ao uso dos locais e dos recursos en horario non lectivo, cunhas garantías mínimas:

- a) Prioridade do uso por parte do alumnado do centro.
- b) Autorización previa por parte da dirección do centro.
- c) Esixencia de responsabilidade por posíbel deterioro das instalacións ou medios usados.

### 2) ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS:

A organización espacial condiciona a metodoloxía. A metodoloxía activa e experimental das áreas ou materias da ESO, do Bacharelato ou dos Ciclos formativos esixe unha nova organización dos espazos.

A tradicional concepción da aula como espazo permanente onde se imparte a materia a un determinado grupo combínase coa distribución de aulas destinadas a impartir determinadas materias: aula de CC. Naturais, de Idiomas, de Música, de Tecnoloxía, etc.

### 3) DISTRIBUCIÓN DO TEMPO:

O horario semanal de cada unha das materias está fixado legalmente, cabe sen embargo a posibilidade de flexibilizar a duración dos períodos lectivos e de distribuír o tempo de cada unha das materias de xeito diferente. Especialmente nas áreas mais experimentais darase opción a distribuír o tempo en períodos lectivos de mais dunha hora, pola perda de tempo que supoñen os desprazamentos e a preparación e recollida do material empregado.